



Santiago de Compostela, 01/03/2010.

Estimado compañeiro/a:

A Asociación Galega de Enfermaría Familiar e Comunitaria (AGEFEC) ten entre os seus obxectivos mellorar a capacitación científica dos enfermeiros de Atención Primaria para ofertar aos usuarios uns coidados baseados na mellor evidencia científica e no rigor metodolóxico. Neste contexto está a realizar unha serie de actividades formativas e entre as programadas para a primeira metade deste ano atópase un

"OBRADOIRO BÁSICO DE SUTURAS PARA ENFERMEIROS DE ATENCIÓN PRIMARIA"

Dito obradoiro, de **6 horas** de duración, levarase a cabo os días **23 e 24 de marzo** do presente ano, das 16:30 ás 19:30 horas, no **Centro cultural, Praza do Concello sn, Sigüeiro**. Está dirixido a enfermeiros e enfermeiras preferentemente de atención primaria (25 prazas) e **está acreditado polo Sistema Acreditador da Formación Continuada das Profesións Sanitarias da Comunidade Autónoma de Galicia con 1,2 cretos**.

O obxectivo xeral deste Obradoiro é *"Mellorar os coñecementos e habilidades dos enfermeiros con respecto as suturas cutáneas e en relación ao material de suturas dos que se dispón nos Centros de Atención Primaria"*.

A **inscrición é de 10€ para socios da AGEFEC e de 30€ para os non socios**. Pódese levar a cabo descargando o boletín de inscrición da páxina web da AGEFEC www.agefec.org e unha vez cuberto, remitilo antes do 20 de marzo ao número de **fax 981 694809** ou a seguinte dirección:

D. Manuel Vidal Fernández Fernández
Centro de Saúde de Sigüeiro.
15888 Sigüeiro, Oroso. A Coruña.

O pago da cuota de inscrición ao obradoiro podes facerla por **transferencia bancaria** ou **ingreso directo no número de conta. 2091-0343-71-3040007238 de Caixa Galicia, a favor da Asociación Galega de Enfermaría Familiar e Comunitaria.**

Para poñerte en contacto co responsable do obradoiro:

Teléfono: 981691259

Correo Electrónico:manuelvidal.fernandez.fernandez@sergas.es

Asinado:
Dona Mª Isabel Veiguela Martínez
Presidenta da AGEFEC